

Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de XEOGRAFÍA E HISTORIA



Identificación do Centro

Centro	FACULTADE DE XEOGRAFIA E HISTORIA
Responsable	Francisco R. Durán Villa
Enderezo	Praza da Universidade s/n. 15782. Santiago de Compostela
Correo electrónico	zhisdeca@usc.es
Teléfono	+34 881 812585

Historial de revisións

Número	Data	Principais modificacións
00	21/12/2009	Edición inicial
01	03/10/2014	Modificación dos indicadores e informes dispoñibles dentro do SGC
02	22/02/2015	Revisión e simplificación documental: supresión do Manual extenso, supresión de procesos e procedementos obsoletos. Elaboración del Manual simplificado
03	09/07/2019	Actualización e revisión do Manual do SGC da Facultade de Xeografía e Historia, particularización dos procesos ás características da Facultade de Xeografía e Historia

Control da elaboración e aprobación

Fase	Unidade/Órgano	Data
Elaborado por	Comisión de Calidade da Facultade de Xeografía e Historia	18/09/2019
Aprobado por	Xunta da Facultade de Xeografía e Historia	23/09/2019
Aprobado por	Comisión de Calidade e Planificación	19/12/2019

Índice

1	A Facultade.	4
	1.1. Presentación.	4
	1.2. Organigrama.	5
	1.3. Órganos de goberno. Comisións. Departamentos implicados na docencia.	5
	1.4. Regulamentos e normas.	12
2	Alcance do Sistema de Garantía de Calidade.	13
3	Estrutura para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade.	14
	3.1. Equipo de dirección (ED).	14
	3.2. Comisión do Sistema de Garantía d Calidade do Centro (CSCG).	14
	3.3. Responsable de calidade do centro (RCC).	15
	3.4. Comité Consultivo.	16
	3.5. Comisións de títulos.	16
	3.6. Coordinadoras/es de títulos (CT).	18
	3.7. Coordinadora/or de Calidade.	18
4	Mapa de procesos.	19
5	Indicadores e informes.	22
6	Relación entre os procesos do sistema e as directrices Fides-Audit.	23
	Anexo I. Política de calidade.	24

1. A Facultade

1.1. Presentación

A Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago nace no ano 1975, a partir da segregación das Seccións da ata entón Facultade de Filosofía e Letras¹, na que, o peso da Sección de Historia e posterior *División de Geografía e Historia*, en 1973² tiveran un importante peso dende a súa fundación en 1922 ata o primeiros anos da década de 1960. Na actualidade acolle os Graos en Historia, Historia da Arte e Xeografía e Ordenación do Territorio, así como os graos en Historia, Historia da Arte e Xeografía e Ordenación do Territorio. A esta oferta se engaden os másteres oficiais en *Historia Contemporánea*, en *Historia Moderna: Monarquía de España Séculos XVI-XVIII*, en *Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial*, en *Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico*, *Museos e Mercado da Arte* e en *Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade*. Nos tres Departamentos que dan o principal soporte a estas titulacións desenvolven a súa actividade un total de vinte dous grupos de investigación, recoñecidos internacionalmente a través das súas achegas científicas e diversos proxectos de investigación. A súa contribución é fundamental para que a Universidade de Santiago de Compostela se sitúe na 20 posición investigadora nos ámbitos das Humanidades e Ciencias Sociais, segundo o Ranking Iberoamericano SIR 2010.

Actualmente, impártense na Facultade de Xeografía e Historia os seguintes títulos:

Titulacións de Grao

- Grao en Historia.
- Grao en Historia da Arte.
- Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio.

Titulacións de Máster

- Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (3ª ed)
- Máster Universitario en Historia Contemporánea (2ª ed)
- Máster Universitario en Historia Moderna: Monarquía de España Séculos XVI-XVIII.
- Máster Universitario en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial.
- Máster Universitario en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte.

Titulación de Máster de interese para a Facultade

1 ORDEN de 15 de febrero de 1975 por la que se determina la división de la Facultad de Filosofía y Letras de la Universidad de Santiago (BOE, de 19 de septiembre 1975).

2 RESOLUCION de la Dirección General de Universidades e Investigación por la que se aprueba el Plan de Estudios del primer ciclo de la Facultad de Filosofía y Letras de la Universidad de Santiago (BOE, de 19 de enero de 1974) .


- Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos. Imaxes, Textos e Contextos

1.2. Organigrama

O equipo de dirección da Facultade de Xeografía e Historia da USC está formado por:

- A/o Decana/o.
- A/o Vicedecana/o de Asuntos Académicos.
- A/o Vicedecana/o de Asuntos Económicos.
- A/o Secretaria/o de Facultade.

ORGANIGRAMA FACULTADE XEOGRAFIA E HISTORIA



1.3. Órganos de goberno. Comisións. Departamentos implicados na docencia.

De acordo cos Estatutos da USC, os ÓRGANOS DE GOBERNO da FACULTADE de XEOGRAFIA E HISTORIA son:

- ❖ Unipersoais: **DECANA/O, VICEDECANAS/OS e SECRETARIA/O.**
- ❖ Colexiados: **XUNTA DE FACULTADE**

A **Xunta de Facultade** é o órgano colexiado de goberno do Centro, aproba as liñas xerais

de actuación no ámbito da Facultade e supervisa a labor dos seus órganos de dirección e xestión.

A Xunta de Facultade estará composta por:

- A/o decana/o, que a convocará e presidirá.
- As/os vicedecanas/os.
- A/o secretaria/o, que o será tamén da Xunta de Facultade.
- A/o responsable da unidade de apoio á xestión de Centros e Departamentos.
- A/o directora/or da Biblioteca do Centro.
- O seguinte persoal docente e investigador e persoal investigador en formación con docencia no Centro e censado nel, así como o non censado que teña neste un encargo docente igual ou superior ó 35 % da capacidade docente dun profesor a tempo completo:
 - Todo o profesorado con vinculación permanente á Universidad, que representará o 51 %.
 - O resto, sempre que non exceda o 10 % do total da Xunta.
- Unha representación do estudantado do 32 %, puidendo ser, de acordo co artigo 95.2 b dos Estatutos da USC, ata un 10% de esta representación alumnas/os de másteres e/ou posgrao.
- Unha representación do persoal de administración e servizos censado no Centro, nunha proporción do 7 % do total da Xunta, cun mínimo de dous.

Son competencias da Xunta de Facultade:

- A elección da/o Decana/o e, de ser o caso, a súa remoción mediante unha moción de censura construtiva que, en todo caso, deberá ser aprobada pola maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade.
- A elaboración e a aprobación do Regulamento de Réxime Interno, así como os procedementos para a súa reforma.
- A aprobación das liñas xerais da política académica do centro e, entre elas, a proposta e implantación de novas titulacións oficiais, de creación de escolas de especialización profesional dependentes do centro e de organización das ensinanzas conducentes á obtención doutros diplomas e títulos.
- Supervisar a xestión dos distintos órganos de goberno e administración do centro.
- A elaboración e a aprobación dos proxectos de plans de estudos das titulacións adscritas ao centro, consonte a lexislación vixente e as normas xerais emanadas do Claustro Universitario.
- Crear e elixir Comisións, segundo o previsto neste Regulamento, de acordo co artigo 96

dos estatutos da USC.

- Debater e aprobar, para cada exercicio económico, a asignación dos recursos da Facultade entre os diferentes servizos e actividades. Debater e aprobar, no seu caso, a rendición de contas que lle presentará a/o decana/o dentro dos seis meses seguintes ao remate de cada exercicio económico.
- A programación dos espazos, servizos e equipamentos do centro e a supervisión da súa xestión.
- A distribución das asignacións orzamentarias concedidas ao centro e o control da súa aplicación.
- Informe verbo das propostas de creación, modificación ou supresión de departamentos relacionados co centro pola súa docencia e investigación.
- A organización de actividades de formación permanente e de extensión.
- A manifestación da súa opinión verbo de calquera asunto relacionado co centro ou coas súas actividades.
- Calquera outra competencia que lle atribúan estes estatutos ou lle encomende un órgano competente ou a lexislación vixente.

A Xunta de Facultade poderá crear Comisións para todos os asuntos que considere pertinentes e cando proceda, suprimilas. A composición de cada comisión e as súas competencias estableceranse por seu Regulamento de Réximen Interno ou ben polo pleno da Xunta de Facultade. En todos os casos consideraranse constituídas cando concorran as mesmas circunstancias que se indican no Artigo 12 do seu Regulamento de Réximen Interno, e tomarán as súas decisións por maioría.

Na actualidade, a Facultade de Xeografía e Historia, conta coas seguintes comisións establecidas en virtude dos Estatutos da USC e do Regulamento de Réxime Interno vixentes:

I. **Comisión Permanente.**

II. **As comisións Asesoras:**

Actuarán como órganos de asesoramento técnico por delegación da Xunta de Facultade.

i. **As comisións Ordinarias:**

- **Comisión Económica e de Patrimonio.**
- **Comisión Académica e de Validacións.**
- **Comisión de Cultura e Normalización Lingüística.**

ii. **As comisións especiais:**

- **Comisión de Biblioteca.**
- **Comisión do Sistema de Garantía de Calidade do Centro.**
- **Comisións do Sistema de Garantía das Titulacións.**
 1. ***Comisión do Sistema de Garantía de Calidade do Grao en Historia.***
 2. ***Comisión do Sistema de Garantía de Calidade do Grao en Historia da Arte.***
 3. ***Comisión do Sistema de Garantía de Calidade do Grao en Xeografía e OT.***
- **Comisión de Prácticas Externas en Empresas.**
- **Comisión da Revista Sémata.**

III. **Comisións académicas das titulacións de máster adscritas á Facultade.**

A continuación, cando procede, indícase a composición e funcións das devanditas comisións.

➤ ***Comisión Permanente***

Estará formada por:

- A/o decana/o, as/os vicedecanas/os, a/o secretaria/o, a/o responsable da Unidade de Apoio a Centros e Departamentos, as/os directoras/es de departamento, as/os coordinadoras/es dos títulos do centro (Graos e Másteres), 6 alumnas/os (un deles de posgrado), dous axudantes e bolseiras/os de investigación e dous membros do PAS. Poderán asistir con voz e sen voto os presidentes das comisións delegadas da Xunta de Facultade, no caso de quedar baleiro o posto de representación das/os alumnas/os de posgrao, o posto ocuparase por unha/un alumna/o de grao.

Entre as súas competencias inclúense:

- Proposta de tribunais para a concesión dos Premios Extraordinarios de Grao e Máster.
- A organización dos servizos docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito, así como a coordinación e a supervisión da actividade docente do profesorado con docencia no centro, e igualmente a supervisión do seu cumprimento.
- A programación dos espazos, servizos e equipamentos do centro e a supervisión da súa xestión.
- O informe verbo das propostas de creación, modificación ou supresión de departamentos relacionados co centro pola súa docencia e investigación.
- A organización de actividades de formación permanente e de extensión.
- Pronunciarse sobre todos aqueles asuntos que a/o Decana/o teña a ben someter á súa

consideración.

- Propor á aprobación de acordos nos ámbitos de xénero, académico, económico e programación da Facultade.
- A/o decana/o informará á Xunta de Facultade de todas as actuacións da Comisión Permanente, agás as decisións sobre asuntos de trámite.

➤ ***Comisión de Económica e de Patrimonio***

Estará formada por:

- A Comisión Económica e do Patrimonio estará composta pola/o vicedecana/o de asuntos económicos, por catro Profesoras/es, tres alumnas/os, un/unha axudante ou bolseira/o e un membro do PAS.

Entre as súas funcións específicas inclúense:

- Elaborar a proposta anual de gastos, que deberá ser aprobada pola Xunta de Facultade.
- O estudo e proposta das medidas relativas á conservación e mellora do patrimonio e dos servizos xerais da Facultade.

➤ ***Comisión Académica e de Validacións***

Estará formada por:

- A/o vicedecana/o de asuntos académicos, unha/un profesora/or por Departamento e igual número de alumnas/os, dos que un/unha será de posgrado, a/o responsable da Unidade de Apoio a Centros e Departamentos.
- Entre as súas funcións específicas inclúense:
 - Supervisar a metodoloxía didáctica e o rendemento dos ensinantes.
 - Informar as solicitudes de adaptación e validación de estudos.
 - Asistir á/ao decana/o no procedemento de revisión de cualificacións que as/os alumnas/os que se consideren inxustamente avaliadas/os poidan presentar.
 - Asesorar a/o decana/o en todos aqueles conflitos de carácter docente non resoltos no marco dos departamentos.

➤ ***Comisión de Cultura e Normalización Lingüística***

Está formada polo decano ou quen delegue dous profesores, 1 membro do PAS e 3 alumnos.

Ademais, poderá incorporarse as/os asesoras/es que se estime oportuno.

Entre as súas competencias inclúense:

- Elaborar as propostas de gastos de normalización lingüística e actividades culturais que terán que ser presentadas, para a súa aprobación, á Comisión Permanente.

- Coordinar as actividades de normalización lingüística desenvolvidas na Facultade.
- Potenciar as actividades de xénero.

➤ ***Comisión de Biblioteca***

Esta formada por:

- 5 membros do profesorado, unha/un delas/es a/o Presidenta/e designado entre os membros do equipo de dirección, 1 directora/or da Biblioteca e 1 alumnado.

A Comisión de Biblioteca encargárase de supervisar a xestión desta e, en caso de ser solicitado pola Xunta de Facultade ou a Comisión Permanente, emitirá un informe sobre a súa xestión unha vez ao ano.

➤ ***Comisión do Sistema de Garantía de Calidade***

Está formada por:

- A/o decana/o, vicedecana/o Asuntos Académicos, a/o secretaria/o da Facultade que o será tamén da comisión, Responsable de calidade do centro, directoras/es do departamento, coordinadoras/es de grao e máster, xestora/or académica/o, 3 alumnas/os.

A composición e funcións da comisión de calidade se detallan no apartado 3 do presente Manual.

➤ ***Comisión do Sistema de Garantía de Calidade das Titulacións***

Está formada por:

- A/o decana/o, responsable de calidade do centro, coordinadora/or de grao, coordinadoras/es de curso, a/o responsable da Unidade de Apoio a Centros e Departamento, 1 alumna/o.
- Existe unha por cada titulación de Grao do Centro.

As funcións principais da comisión son as seguintes:

- Proposta do plan de melloras do grao para o curso seguinte que recollerá as propostas de mellora derivadas dos seus informes de seguimento.
- Informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora.
- Informes de seguimento dos Títulos.

➤ ***Comisión de Prácticas Externas en Empresas***

Está formada por:

- A/o decana/o do centro, por un coordinador de prácticas por cada un dos títulos que se imparten no centro, elixido dentro do PDI da titulación correspondente.

Ten como principais cometidos:

- Propoñerlle á Xunta de Facultade ou Comisión Permanente o calendario anual das PAE.
- Solicitar anualmente ás institucións colaboradoras prazas para o alumnado dos distintos graos e másteres, atendendo ao perfil da institución e ao calendario das PAE.
- Promover a sinatura de novos convenios con institucións.
- Servir de canle para o desenvolvemento coordinado das PAE dos distintos graos e másteres.
- Coordinar a elaboración dos programas das PAE xunto co profesorado con docencia nos graos e másteres.
- Seguimento xeral das PAE.
- Resolución dos conflitos que puidesen xurdir no transcurso da realización das prácticas.

➤ **Comisión da Revista Sémata**

Sémata é unha revista interdisciplinar na que se recollen as dimensións individuais e colectivas da vida social e histórica. A súa periodicidade é anual, publicando traballos orixinais de investigación sobre calquera das especialidades relativas ao campo das Ciencias Sociais e das Humanidades.

O consello de redacción estará integrado por quince membros: seis dos departamentos da Facultade (dous do Departamento de Xeografía, dous do Departamento de Historia e dous do Departamento de Historia da Arte) e nove membros externos (profesorado doutor alleo á USC). A dirección e a secretaría da revista non contabilízan nese computo: Podera ser membro do Consello de Redacción calquera profesor/a da Facultade de Xeografía e Historia que teña unha situación contractual ben indefinida ou ben declaradamente consolidable (Axudantes doutores e Ramón e Cajal) na Facultade e por todo o tempo de duración do encargo.

Departamentos implicados na docencia:

Os departamentos da USC con encargo docente na Facultade de Xeografía e Historia son:

- ❖ Edafoloxía e Química Agrícola
- ❖ Electrónica e Computación
- ❖ Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana
- ❖ Filoloxía Galega
- ❖ Fundamentos da Análise Económica
- ❖ Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral

1.4. Regulamentos e normas

Normativa propia da Facultade de Xeografía e Historia:

- [Regulamento de Réxime Interno](#)
- Regulamento do Traballo de Fin de Graos
 - [Regulamento TFG Grao en Historia](#)
 - [Regulamento TFG Grao en Historia da Arte](#)
 - [Regulamento TFG Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio](#)
- [Regulamento de PAE](#)
- [Regulamento da Revista Sémata](#)

BORRADOR

2. Alcance do Sistema de Garantía de Calidade

O Sistema de Garantía de Calidade da Facultade alcanza a todas as titulacións oficiais impartidas nela e das que é responsable, tanto de Grao como de Mestrado universitario. Así mesmo, alcanza a todas as persoas (alumnado, persoal docente e de apoio) vinculadas a el. En conxunto, o SGC da Facultade contempla o deseño da oferta formativa, a avaliación e revisión do seu desenvolvemento, así como a toma de decisións para a mellora continua. Así mesmo, recolle a planificación dos obxectivos a acadar, de acordo coa estratexia da Universidade e da propia Facultade e a revisión periódica do funcionamento do sistema, en orde a garantir a súa utilidade para todos os grupos de interese.

Ciclo de mellora da formación universitaria




Figura 1. Ciclo de Mellora adaptado pola Área de Calidade da USC a partir da “Guía para el diseño de SGIC de la formación universitaria. Programa AUDIT. ANECA”.

3. Estrutura para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade.

3.1. Equipo decanal (ED)

O equipo decanal do Centro, e en particular a/o súa/seu Decana/o como principal responsable, actúa como corresponde á dirección de calquera organización comprometida co desenvolvemento, establecemento, revisión e mellora dun sistema de xestión da calidade.

Respecto ao SGC, as funcións principais son as seguintes:

- Definir a planificación estratéxica do Centro, concretada a través do plan estratéxico (PE) e a memoria de calidade do centro (MCC).
- Comprometerse coa política e obxectivos de calidade do Centro, dándolles a difusión oportuna entre os grupos de interese.
- Liderar o desenvolvemento, a implantación, revisión e mellora do SGC do Centro.
- Nomear ao responsable de calidade do Centro, sempre que a/o decana/o non asuma as competencias.
- Propoñer á Xunta de Facultade para a súa aprobación a composición da Comisión de Calidade do Centro e, no seu caso, as das Comisións de Título no marco das normas que determinan a súa composición.
- Garantir o bo funcionamento do SGC do Centro.
- Informar a todas as persoas do Centro do SGC e dos cambios que nel se realicen.
- Garantir que todas as persoas do Centro teñan acceso aos documentos do SGC que lles sexan de aplicación.
- Informar á Xunta de Facultade dos traballos e acordos da Comisión de Calidade do Centro.
- Presentar á Xunta de Facultade, para a súa aprobación, a memoria de calidade do Centro (MCC).

3.2. Comisión do Sistema de Garantía de Calidade do Centro (CSGC)

A Comisión de Calidade do Centro (CSGC) é un órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGC do Centro, actuando ademais como medio de difusión interna do sistema e dos seus logros.

Serán membros da CSGC, :

- A/o Decana/o.
- A/o Vicedecana/o de Asuntos Académicos.
- A/o Responsable de Calidade do Centro.
- A/o Secretaria/o da Facultade que o será tamén da comisión.

- As/os Directoras/es de departamento.
- As/os Coordinadoras/es de grao e máster.
- A/o Xestora/or académica/o.
- Tres representantes do alumnado.

Ademais a/o Decana/o do Centro, cando o considere oportuno, poderá propoñer outros membros á Xunta de Centro para o bo funcionamento do SGC, mesmo con voz e sen voto.

A CSGC reunirse coa periodicidade marcada na súa planificación, cando menos unha vez en cada semestre, e levantará acta de cada unha das sesións, facendo públicas as decisións tomadas a través da [publicación dos acordos adoptados](#).

As funcións principais da CSGC son as seguintes:

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGIC no Centro.
- Elaborar a Memoria de Calidade do Centro que englobará distintos informes e memorias.
- Proposta do plan de melloras do centro para o curso seguinte que recollerá as propostas de mellora dos títulos derivadas dos seus informes de seguimento.
- Informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora.
- Informes de seguimento dos Títulos.

3.3. Responsable de calidade do centro (RCC)

A/o Decana/o asume persoalmente as funcións relacionadas a continuación ou ben poderá nomear a unha/un responsable de calidade do centro (RCC) entre os membros do equipo de dirección.

Con independencia doutras funcións que se lle asignen no momento do seu nomeamento, as funcións básicas da/o RCC poden concretarse en:

- Coordinar o funcionamento da CSGC.
- Trasladar á CSGC e á/s Comisión/s de Título/s a información sobre resultados de aprendizaxe, inserción laboral, satisfacción dos grupos de interese, así como de calquera outra relacionada con resultados que poida afectar á calidade da formación.
- Realizar propostas á CSGC para mellorar o SGC do Centro.
- Ser a/o interlocutora/or coa Área de Calidade e Mellora dos Procedementos.
- Atender as indicacións e requirimentos dados pola vicerreitoría con competencias en calidade para implantar os axustes e melloras do SGC nos Centros aprobados pola Comisión delegada do Consello de Goberno con competencias en calidade e planificación.

- Dirixir a elaboración da Memoria de Calidade do Centro.

3.4. Comité Consultivo

O Comité Consultivo da Facultade de Xeografía e Historia, creado por acordo da Xunta de Facultade do 30 de Outubro de 2014, axuda ao Centro a conseguir os seguintes obxectivos:

- Debater as tendencias e cambios sociais de interese para a actividade docente e investigadora do Centro.
- Canalizar á sociedade información sobre o Centro e facer que teña máis proxección na súa contorna.
- Prestar asesoramento na elaboración e implantación do Plan Estratéxico do Centro.

A participación dos membros do Comité Consultivo ten carácter voluntario e non é remunerada, e as súas achegas non son vinculantes. A composición e vinculación dos membros do Comité Consultivo está dispoñible na páxina web da Facultade.

O Comité Consultivo reunese, como mínimo, unha vez ao ano e deixa constancia das súas reunións mediante actas. Co obxecto de facilitar a recollida de información, para as consultas necesarias articuláronse mecanismos alternativos que permiten participar aos seus membros (solicitude de informes, enquisas, etc).

3.5. Comisión/s de Título/s

Na Facultade de Xeografía e Historia existen diferentes comisións de títulos para o grao e os mestrados, de acordo ós estatutos da USC. Os mestrados interuniversitarios acreditados na USC teñen ademais comisións interuniversitarias, onde están representadas as Universidades que comparten os títulos.

Comisións de títulos

Conforme ao establecido no artigo 3 do Regulamento das titulacións de Grao e Mestrado da USC, aprobado en Consello de Goberno de 28 de xullo de 2017, a Comisión de título é un órgano colexiado ordinario de xestión do título e ocuparase daquelas cuestións que atinxan ao normal desenvolvemento do programa de estudos que establece a memoria, de acordo co regulamento de Reximen interno e/ou SGC do Centro.

No caso da Facultade de Xeografía e Historia, e previa solicitude a Vicerreitoría de Oferta e Innovación Educativa (Xunta de Facultade de 20 de decembro de 2017), as funcións da Comisión de título de Grao de Historia, Grao en Historia da Arte e Grao en Xeografía e ordenación do Territorio son asumidas pola Comisión permanente da Xunta de Facultade de Xeografía e Historia (RR. De 25 de xaneiro de 2018).

Ademáis dos membros da Comisión Permanente podrán participar (con voz pero sen voto) na Comisión, cando así o demande a natureza do título, profesorado externo, egresadas/os, profesionais ou representantes de colexios e sociedades profesionais,

Comisións do Sistema de Garantía de Calidade de Títulos de Graos

1. Comisión do Sistema de Garantía de Calidade do Grao en Historia.
2. Comisión do Sistema de Garantía de Calidade do Grao en Historia da Arte.
3. Comisión do Sistema de Garantía de Calidade do Grao en Xeografía e OT.

Serán membros das Comisións de S.G. de Título:

- A/o Decana/o.
- A/o responsable de calidade do centro.
- A/o Coordinadora/or de grao.
- As/os Coordinadoras/es de curso.
- A/o responsable da Unidade de Apoio a Centros e Departamento.
- 1 alumna/o.
- Poderán participar (con voz pero sen voto) na comisión, cando así o demande a natureza do título, membros do profesorado, profesorado externo, egresadas/os, profesionais ou representantes de colexios ou sociedades profesionais.

Comisións de títulos de Mestrados

Todos os mestrados contan cunha comisión académica propia presidida pola Decana/o ou persoa na que delegue:

- Comisión académica do Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade.
- Comisión académica do Máster Universitario en Historia Contemporánea.
- Comisión académica do Máster Universitario en Historia Moderna: Monarquía de España Séculos XVI-XVIII.
- Comisión académica do Máster Universitario en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial.
- Comisión académica do Máster Universitario en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte.

Son competencia das comisións:

- Analizar a información proporcionada polo coordinadora/or do Título e do RCC para levar a cabo o seguimento do mesmo.
- Realizar un informe dos resultados do Título e as propostas de mellora (Informe de

Seguimento), cando sexa oportuno, facer a proposta de modificación ou suspensión do mesmo.

3.6. Coordinadora/or de Título (CT)

As/os Coordinadoras/es de título serán os responsables do Títulos de Grao ou Mestrado, e a o proposta da/o decana/o serán nomeadas/os pola/o Reitora/or da USC.

Ostentarán as funcións que estableza o regulamento de titulacións oficiais de grao e mestrado vixente, así como as seguintes funcións, entre outras, en relación co SGC:

- Velar para que os procesos relativos á titulación sexan realizados segundo as directrices establecidas polo SGC.
- Presentar á Comisión de Calidade do Centro o informe de seguimento/ocreditación ou de resultados de acordo co proceso *PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas*, informándoa das actuacións da comisión de título: seguimento do título, valoración da súa eficacia e proposta de accións de mellora.
- Recompilar, xunto co RCC, todos os datos necesarios para que a comisión de título poida realizar as diferentes análises de resultados do título, establecer accións de mellora ou propostas de modificación ou supresión do título.
- Velar pola implantación das melloras da titulación aprobadas que sexan da súa competencia e impulsar a implantación daquelas que correspondan a outras instancias.

3.7. Coordinadora/or de Calidade

É a persoa nomeada pola decana/o do Centro entre o PDI que pode ou non ser membro do equipo de dirección para a realización de funcións de apoio ao Responsable de Calidade do Centro. O labor de coordinación da calidade na Facultade de Xeografía e Historia esta delegada na Vicedecana de Asuntos Académicos a proposta do Decano.

4. Mapa de procesos

O SGC concrétese en 8 procesos institucionais a través dos que a Universidade asegura a calidade da súa oferta académica, a dispoñibilidade dos recursos humanos e materiais necesarios e o enfoque para mellora continua.

Na Facultade de Xeografía e Historia concrétese en 13 procesos, cuxo desenvolvemento figura no manual de procesos do sistema.

Nivel institucional

Procesos institucionais

PI-01 Deseño, modificación e extinción de programas.

PI-02 Auditoría interna.

PI-03 Xestión dos recursos humanos.

PI-04 Xestión dos recursos materiais e servizos.

PI-05 Xestión documental.

PI-06 Medición e mellora.

PI-07 Xestión de incidencias (SQR)

PI-08 Satisfacción, expectativas e necesidades

Nivel de centro

Procesos estratéxicos

Planificación

PE-01 Planificación estratéxica.

PE-02 Revisión e mellora.

Procesos clave

Organización e desenvolvemento dos programas

PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación.

PC-02 Planificación das ensinanzas.

PC-03 Apoio a estudantes.

PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas.

PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas.

Procesos de soporte

Xestión dos recursos

PS-01 Xestión dos recursos humanos.

PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos.

Xestión de apoio ao sistema

PS-03 Xestión documental.

PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades.


PS-05 Xestión das incidencias (SQR)

Información pública e transparencia

PS-06 Información pública.

O seguinte gráfico recolle o mapa de procesos integrados no SGC e as súas relacións:





5. Indicadores e informes

A Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) será a responsable de proporcionar os indicadores e informes establecidos no proceso institucional *PI-06 Medición e mellora*.

Desde a ACMP definiranse anualmente os indicadores e informes a empregar. A lista de indicadores e informes será remitida aos centros e estará dispoñible na páxina web.

BORRADOR

6. Relación entre os procesos do sistema e as directrices Fides-Audit

A continuación recóllese a relacións entre os procesos establecidos no sistema e as directrices Fides-Audit sobre deseño de sistemas de garantía de calidade

A continuación recóllese a relacións entre os procesos establecidos no sistema e as directrices Fides-Audit sobre deseño de sistemas de garantía de calidade:

Procesos do sistema	Directrices Fides-Audit						
	Política e obxectivos de calidade	Deseño revisión periódica e mellora dos programas formativos	Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante	Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos	Información pública	
Procesos institucionais	PI-01 Deseño, modificación e extinción de programas		X	X	X	X	X
	PI-02 Auditoría interna	X	X	X	X	X	X
	PI-03 Xestión dos recursos humanos				X		X
	PI-04 Xestión dos recursos materiais e servizos					X	X
	PI-05 Xestión documental						X
	PI-06 Medición e mellora	X	X	X	X	X	X
	PI-07 Xestión de incidencias (SQR)		X	X	X	X	X
	PI-08 Satisfacción, expectativas e necesidades	X	X	X	X	X	X
Procesos de centro	PE-01 Planificación estratéxica	X	X	X	X	X	X
	PE-02 Revisión e mellora	X	X	X	X	X	X
	PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación		X	X			X
	PC-02 Planificación das ensinanzas		X	X	X	X	X
	PC-03 Apoio a estudantes		X	X			X
	PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas		X	X	X	X	X
	PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas		X	X	X	X	X
	PS-01 Xestión dos recursos humanos				X		X
	PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos					X	X
	PS-03 Xestión documental						X
	PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades	X	X	X	X	X	X
	PS-05 Xestión das incidencias (SQR)		X	X	X	X	X
PS-06 Información pública	X	X	X	X	X	X	

Anexo I. Política de calidade

A Facultade de Xeografía e Historia é un centro docente e investigador de referencia a nivel nacional e internacional. A política de calidade está en liña cos obxectivos estratéxicos da Facultade. O Plan Estratéxico, actualmente en proceso de elaboración, adoptará á misión, visión e valores da Facultade de Xeografía e Historia. No futuro, sempre que se aprobe un novo plan estratéxico deberá revisarse a política para incluír a misión, visión e valores establecidos no novo Plan Estratéxico.

A Facultade de Xeografía e Historia ten como misión:

- ❖ Contribuír á formación integral de profesionais de recoñecida calidade e prestixio, formados nun entorno académico que promova o seu compromiso co desenvolvemento da sociedade, baixo os principios éticos de igualdade de xénero, de solidariedade e de sustentabilidade.
- ❖ Desenvolver unha investigación avanzada e de calidade, e promover o desenvolvemento científico e tecnolóxico, potenciando actividades de investigación en todas as áreas das titulacións, así como actividades de difusión da investigación realizada, poñendo o coñecemento ao servizo da sociedade. Ademais, debe promover as relacións co sector empresarial, así como con outras institucións e centros de investigación.
- ❖ Aspirar a que en todas as súas actividades sexa recoñecida como un centro de referencia a nivel galego, nacional e internacional.
- ❖ Realizar una xestión exemplar dos recursos, cun modelo de xestión do centro áxil, eficaz, transparente, e coa participación responsable e a implicación de todos os membros da mesma.
- ❖ Contribuír ao progreso da sociedade ofrecendo unha docencia de calidade adecuada ás demandas actuais da mesma en todos aqueles ámbitos nos que o coñecemento histórico, artístico e xeográfico teñen un papel significativo.

A Facultade de Xeografía e Historia, no horizonte do 2020, pretende afianzar o recoñecemento:

- ❖ Do alumnado e da comunidade universitaria, como un centro excelente pola súa oferta académica, pola calidade do seu profesorado, pola súa xestión, innovación e espírito de mellora e pola capacidade de formación de alumnado para que desenvolvan a súa actividade profesional tanto no sector produtivo como no ámbito da docencia e investigación en centros nacionais e internacionais.
- ❖ Da comunidade científica, pola calidade da súa produción científica e a especialización e competencia dos seus graduados e doutores, polos seus grupos de investigación, centros

de investigación, departamentos e institutos.

- ❖ Da sociedade, por ser un centro docente e investigador de prestixio, por difundir a cultura, pola colaboración coas empresas, institucións e organismos públicos e privados, e polo seu compromiso co progreso, a sustentabilidade e preservación do patrimonio cultural e medioambiental.

A Facultade de Xeografía e Historia debe guiarse polos seguintes valores:

- ❖ Integridade, conducta ética e transparencia.
- ❖ Defensa da liberdade de pensamento e expresión, do espírito crítico, da curiosidade, e da iniciativa e a comunicación.
- ❖ Respecto aos dereitos de todos os membros da nosa comunidade.
- ❖ A procura permanente da excelencia en todas as actividades universitarias.
- ❖ Compromiso cunha xestión baseada na cultura do diálogo, a participación, a confianza e a corresponsabilidade.
- ❖ Compromiso coa transferencia de coñecemento á sociedade como contribución ao seu desenvolvemento cultural, social e económico.
- ❖ Compromiso con Galicia e o seu patrimonio material e inmaterial.

As liñas estratéxicas defínense en catro grandes áreas: (1) Docencia, (2) Investigación, (3) Proxección Externa e Relación coa Sociedade e (4) Xestión e Infraestruturas. A continuación enumeranse os obxectivos para cada liña estratéxica.

I. DOCENCIA.

- ❖ Conseguir un catálogo de titulacións atractivo.
- ❖ Mellorar a oferta de mestrados do Centro.
- ❖ Revisión e mellora continua dos Planos de Estudo.
- ❖ Desenvolver estratexias de captación de alumnado.
- ❖ Aproveitar todos os recursos materiais e humanos do Centro.
- ❖ Incrementar a relación cos sectores empresarial e institucional.
- ❖ Mellorar as actividades e incrementar a participación no ámbito da Innovación Educativa.
- ❖ Intensificar o compromiso de todos os membros do Centro coa calidade.

II. INVESTIGACIÓN.

- ❖ Apoiar aos grupos de investigación que desenvolven a súa labor no Centro.
- ❖ Difundir a actividade investigadora dentro e fora da Facultade.
- ❖ Potenciar os estudos de doutoramento.

III. **PROXECCIÓN EXTERNA E RELACIÓN COA SOCIEDADE.**

- ✦ Incentivar os procesos de mobilidade, tanto de docentes como do alumnado.
- ✦ Apostar pola Internacionalización.
- ✦ Mellorar a comunicación e proxección exterior.
- ✦ Incrementar a relación cos centros de ensino medio, favorecendo o establecemento de seminarios permanentes.
- ✦ Colaborar coas organizacións e colexios profesionais.

IV. **XESTIÓN E INFRAESTRUTURAS.**

- ✦ Mellorar o funcionamento da xestión do Centro.
- ✦ Ultimar o Plan Director para renovar as infraestruturas de docencia e investigación.

Compromiso de calidade

A Facultade de Xeografía e Historia é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos capaces de dar resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario.

Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu plan estratéxico) a Facultade elabora a súa política establecendo como obxectivo principal o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade, como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

A Facultade quere ser recoñecida no contexto universitario e social por desenvolver programas formativos que garantan a mellor e máis adecuada formación para o seu alumnado, que dean resposta ás demandas do mercado laboral, tecnolóxico e investigador, que garantan as condicións de desenvolvemento profesional axeitadas ao seu persoal docente, investigador e de servizos e que renda contas do investimento e optimización dos seus recursos. A Facultade dirixe os seus esforzos cara á plena consecución da satisfacción das necesidades e expectativas de todos os seus grupos de interese e co fin de satisfacelos, comprométese a empregar todos os recursos técnicos, económicos e humanos á súa disposición; sempre dentro do estrito cumprimento dos requisitos legais aplicables, tanto a nivel autonómico como estatal e europeo.

Por todo iso, a Facultade de Xeografía e Historia adquire o firme compromiso de garantir a calidade nesta e establece a súa política baixo estes principios:

Responsabilidade: proporcionar unha formación dirixida cara á excelencia garantindo unha oferta académica acorde coas necesidades e expectativas dos nosos usuarios e da sociedade en xeral.

Integración participación e igualdade: esta Facultade establece como un dos principios claves da súa política que todas as necesidades dos seus grupos de interese sexan atendidas e que todos participen no desenvolvemento da Facultade a través das vías establecidas para iso garantindo a accesibilidade, a participación e a igualdade.

Orientación ao alumnado: este Centro garante no seu programa formativo a orientación ao estudiantado entendendo que é o principal receptor deste.

Excelencia: o traballo desta Facultade realízase tendo como meta alcanzar a excelencia que marcan os principais modelos de calidade universitaria e as principais Escolas e Facultades recoñecidas.

Transparencia: Esta Facultade basea a xestión do seu programa formativo na transparencia nos seus resultados e na difusión destes aos seus grupos de interese.

O equipo decanal e a Xunta de Facultade de Xeografía e Historia adquiren o compromiso permanente coa mellora continua do seu programa formativo, para o cal o Decano subscribe este documento de política de calidade o día de de 2019.

Sinatura (*electrónica*) do Decano do Centro